Polo tanto por esta Secretaría se informa que as normas para a asignación de complementos de produtividade que se propoñen non se axustan ás esixencias legais, por canto, - ademais dos criterios que estableza o Pleno da Corporación- fáise preciso, como xa se sinalou, a asignación de determinados obxectivos a conseguir no desempeño dos postos de traballo que efectiva, obxectiva e excepcionalmente requiriran unha actividade funcional extraordinaria, un especial interés ou un maior rendemento por parte do/a funcionario/a, pois reitérase que deben ser circunstancias obxectivas directamente conectadas ao posto e á obtención dos resultados e obxectivos que se lle asignan as que determinen a valoración da produtividade.

Se ben o criterio da que subscribe quedou exposto, de ser outro o criterio da Corporación e á vista do informado pola Sra. interventora municipal nos informes de datas 10 e 17 de decembro de 2020 (códigos de documento UIT14I00VP e UIT14I00X6) , nos que se sinala, entre outras cousas, e polo que respecta ao cumprimento dos límites que se sinalan no artigo 7 do real decreto 861/1986, que “Nuevamente, resulta imposible determinar el

Código do documento	Código do expediente
USG14I02YT	USG/2020/199
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4J1N 4P4Q 5N6N 4G1G 0NJW	

cumplimento de este requisito sin un informe del servicio de personal respecto de cuál es la masa retributiva global referida al personal funcionario excluidas retribuciones básicas, ayuda familiar y complemento de destino.” infórmase da necesidade de incorporar ao expediente o informe a que se refire a intervención no su informe, así como de o deber de axustarse ao límite máximo que para o complemento de produtividade fixa o precepto citado.

Por outra banda, faise constar tamén que as actas das mesas de negociación ás que fai referencia a proposta da Sra. concelleira delegada da área de seguridade cidadá e persoal (cos códigos de documento UPO14I013N e UPO14I013Z) non se atopan no momento de redactar a presente nota, asinadas, polo que, de ser o outro o criterio da Corporación, debe subsanarse esta omisión, xa que o documento sen sinatura impide ter por certo o seu contido.

Polo exposto, por esta Secretaría infórmase **DESFAVORABLEMENTE** a proposta da concelleira delegada da área de seguridade cidadá e persoal (código de documento UPO14I014E) polo que, a xuízo da que subscribe, non procede a súa aprobación.

É o que expoño nesta nota informativa que ocupa tres (3) planas. A presente nota emítese á vista da documentación examinada e non abrangue aspectos que pola súa natureza requiren dun exame máis coidado do expediente, polo que as consideracións feitas poderán ser ulteriormente ampliadas nun informe emitido dacordo co que dispón a normativa de aplicación.”

C.I.F. P-1503100-H

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Persoal, Sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, di que a proposta que se trae neste punto é unha produtividade Covid, como se desprende da documentación remitida, e do que se trata na sesión é de aprobar a cantidade a distribuír da dita produtividade e os criterios que se seguirán para o reparto da mesma valorándose o desempeño, a actividade extraordinaria e a dedicación dos diferentes colectivos e áreas do Concello durante o período da pandemia, desde o 14 de marzo ata finais do ano 2020, facéndose fincapé nos sectores que foron esenciais que estiveron na rúa desde o inicio da pandemia, xente que utilizou para teletraballar os seus propios recursos e xente que inclusive tivo que manter contacto diario coa cidadanía con toda a exposición que iso conlevaba, motivos todos estes polos que o equipo de goberno solicita o voto favorable para esta produtividade dos traballadores e traballadoras do Concello.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que hoxe tráese a esta sesión unha proposta na que se di que a vontade do Sr. Alcalde, como alcalde do Concello de Culleredo, é retribuír o especial rendemento, actividade extraordinaria, interese e iniciativa amosada polo persoal do Concello a causa da pandemia xerada polo Covid-19; que pide permiso para, antes de nada, aclarar unha serie de cuestións pois ve que en España a memoria histórica é moi fráxil xa que, sen ir máis lonxe, no mes de xuño, nunha xunta de voceiros, el mesmo e o compañeiro voceiro do bloque nacionalista galego dixerón que ao chamar ao Concello saía unha locución desviando dita chamada á Policía local, aproveitando para manifestar o seu recoñecemento á Policía Local, a Protección Civil, aos servizos esenciais polo seu traballo na dita pandemia e, en definitiva, amosar o seu agradecemento a todos os sanitarios, dependentes de supermercados, farmacias, etc., que estiveron e seguen estando ao servizo dos cidadáns; que o grupo Alternativa dos Veciños considérase un partido progresista e intentan ser respetuosos con todos os idearios políticos pero non por iso teñen que estar de acordo con todas as maneiras de pensar e de presentar as cuestións; que son defensores dos traballadores e das traballadoras, dos veciños e veciñas, dos seus intereses e dos seus problemas, preocupándose por todos os traballadores, non só os que son empregados públicos senón tamén os empregados en réxime xeral, os autónomos, que teñen que arriscar día a día o seu patrimonio, preguntándolle ao Sr. Alcalde se non se lembra cando el era autónomo, do que non fai moito tempo, e engadindo que todos teñen os mesmos problemas como son cómo chegar a fin de mes, se poden pagar as facturas e se poden levar algo ás súas casas; que el, como

13 de 32

Código do documento	Código do expediente
USG14I02YT	USG/2020/199
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4J1N 4P4Q 5N6N 4G1G 0NJW	

C.I.F. P-1503100-H

concelleiro, non tenta amosar á opinión pública unha realidade que responda ao imaxinario do colectivo feito de tópicos sobre o funcionariado e o seu proceder, non criticando o traballo de ningún traballador, sexa público, privado ou autónomo, xa que segue sendo un traballador máis que intenta seguir aportando a esta sociedade, respectando o labor dos empregados públicos do Concello de Culleredo ao igual que o traballo de moitos veciños do Concello, que seguramente moitas veces teñen que facer auténticas peripecias para desenvolver o seu labor diario, non poñendo en dúbida a súa profesionalidade como empregados públicos pero como oposición si lles compete fiscalizar o labor do goberno municipal, solicitando que o Sr. Alcalde non pretenda agochar a súa incapacidade política nun colectivo que merece todos os seus respectos e o respecto de todos os veciños xa que os empregados municipais traballan non so para toda a Corporación municipal na que se inclúe o equipo de goberno e a oposición senón tamén e principalmente para os veciños e veciñas de Culleredo; que Alternativa dos Veciños non se opón sin se o porá nunca a todo o que sexa unha mellora para calquera traballador da sociedade sempre que se teña en conta a lexislación vixente e que os informes da interventora e a secretaria sexan favorables, sendo neste caso desfavorables pois din que, en definitiva, falta concreción á proposta, engadindo o seu grupo que ademáis de faltar concreción considera que non procede levar ao pleno a dita proposta coa que está caendo na actualidade, coa cantidade de traballadores que actualmente se atopan en ERTE, que non saben cal vai ser o seu futuro laboral e persoal, traballadores que quedaron sen traballo ou que van quedar sen el, autónomos que non saben se van poder continuar no 2021 cos seus negocios e que podería ser que cando cheguen as axudas non existan xa como autónomos, cando os empregados municipais, ao igual que os empregados doutras institucións públicas, foron capaces de cobrar ao 100% os seus salarios, as súas pagas, de manter o seu emprego porque así o di a lei e porque tiveron que pasar unha oposición, vindo agora o Sr. Alcalde coa proposta que se presenta cando dixo en redes sociais que este ano habería menos iluminación nas rúas deste nadal e que ditos cartos do presuposto terían que investirse en políticas sociais derivadas do covid-19; que hoxe se propón a aprobación do concepto de produtividade e a aprobación dun sistema de distribución dun complemento de produtividade ligado á covid-19 e que seguramente moitos empregados públicos, no seu interior, estarán a pensar que lle vén ben a dita retribución polo que non vai dicir que non pero pensará que se sinte afortunado por ter un traballo asegurado e poder cobrar a final de mes; que ninguén dubida da capacidade e da profesionalidade dos empregados públicos do Concello de Culleredo pero lle pide ao goberno municipal que sexa coherente nos seus actos e deixe de tentar agochar a súa incapacidade política.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o BNG apoiou, apoia e apoiará sempre o traballo dos empregados e o servizo público e a súa xusta retribución e que, dito isto, pasa a analizar a proposta que se presenta e as condicións nas que se produce; di que ao seu grupo isto lémbbralles a cando Feijoo dixo que lle ía dar bono nos restaurantes ao colectivo dos sanitarios que provocou bastante indignación entre a xente dese ámbito e no caso que trata este punto o equipo de goberno propón gastar un cuarto de millón de euros en retribuír un suposto rendemento extraordinario dos traballadores públicos durante a pandemia; que o BNG ten achegado durante a pandemia propostas para mellorar o funcionamento dos servizos, comezando polo teléfono da centraliña como ben vén de recordar o Sr. Mourelle, pedindo que a centraliña estivera ben atendida e non tivera que agardar a xente un tempo improcedente ata mesmo desistir do intento, resultando curioso que a día de hoxe seguen chegando queixas no mesmo senso, sen que estean a falar do mal funcionamento dos funcionarios senón de que o equipo de goberno é incapaz de poñer a funcionar de forma eficiente a administración municipal; que como ben dixo o Sr. Mourelle o informe de Secretaría di que o que neste punto se propón non se axusta a Dereito por non basarse en criterios obxectivos coñecidos que respondan a unha actividade funcional extraordinaria, un especial interés ou un maior rendemento por parte dos funcionarios, parecendo que os obxectivos veñen definidos pola proposta da persoa que actualmente ostenta as funcións da xefatura de Persoal, á que recentemente lle foi adxudicada esa atribución sen terse modificado a relación de postos de traballo, cuestión que parece obrigada posto que o xefe de gabinete non tiña esas atribucións ata fai moi pouco tempo cando hai ben pouco houbo ocasión de facer esa redistribución de funcións cando o equipo de goberno trouxo ao pleno unha proposta de modificación da relación de postos de traballo pero non o fixeron daquela, entendendo por tanto desde o BNG que esas funcións atribuídas ao xefe de gabinete son irregulares e preguntando como, sendo así, elabora a proposta esa persoa que exerce esas funcións, e que non se fai un reparto

Código do documento	Código do expediente
USG14I02YT	USG/2020/199
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4J1N 4P4Q 5N6N 4G1G 0NJW	

lineal ou un reparto baseado en criterios obxectivos senón que simplemente se establece unha cantidade de 1.500 para os que máis cumpriron, en especial e moi alto grao, 1.000 para os que cumpriron en alto grao, e 700 para os que o fixeron de forma superior ao esixido, sen que se saiba o criterio que o determina e o equipo de goberno, sen xustificalo, eleva esas cantidades na proposta da concelleira, pasando de 1.500 a 1.950, de 1.000 a 1.300 e de 700 a 910, sen que se entenda a que se debe esa elevación e moito menos eses criterios de moi alto grao, alto grao e rendemento superior ao esixido; lembra que no anterior pleno acudiu unha persoa para ler un manifesto de seccións sindicais no que se queixaban da labor da oposición, representando un xiro totalmente innovador na loita de clases e nas reclamacións sindicais que no canto de falar do patrón fala de quen se lle opón, véndose agora como esta paga fai a cuadratura do círculo, as seccións sindicais amarelas critican á oposición, o goberno municipal dalle as atribucións de persoal a unha persoa que foi candidato á alcaldía de Cambre polo PSOE e de aí a unha paga extra para pagar os servizos prestados, engadindo que menos mal que hai quen non lle baila a auga ao Sr. Alcalde, como a interventora, por dúas veces, e a Secretaria, na súa nota informativa, que din que isto non se pode facer, e elas tamén son funcionarias, e din que aprobar unha paga extraordinaria que retribúe non se sabe ben o que e sen parámetros obxectivos de reparto, é irregular e non se axusta á Dereito, non podéndose aprobar de ningunha forma; di que os cidadáns e cidadás de Culleredo non merecen esta burla e pensa que a maioría dos traballadores públicos tampouco, dicindo que di a maioría dos traballadores públicos porque despois da lectura dun manifesto político polas seccións sindicais no pleno pasado, que todos poden recordar e repasar no vídeo, chegaron múltiples avisos ao BNG de funcionarios que para nada estaban de acordo co que aquí se lera e que dicían que de ningunha forma se lles informou, que de ningunha forma se celebraron asembleas para decidir que se lera un manifesto criticando aos grupos da oposición e que, polo que teñen dito compañeiros do partido popular e de Alternativa dos veciños, algún tamén lles chegou a eles.

C.I.F. P-1503100-H

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que o Sr. Rioboo fai ao revés que o rei Midas pois este rei disque convertía en ouro todo o que tocaba e o Sr. Rioboo é capaz de crear mal rolo na administración municipal, sendo capaz de provocar entre o funcionariado uns problemas que non existían, crendo que a proposta que neste punto se presenta debería ser retirada e non debería ser aprobada, anunciando que o seu voto vai ser en contra.

A continuación fai uso da palabra o Sr. Alcalde-presidente e di que os importes aos que fai referencia o Sr. Chouciño son brutos e na negociación eran netos, engadindo que o manifesto o leron os traballadores polo que debe dirixirse a eles e non á persoa do alcalde.

De seguido solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que antes de nada tamén quere aclarar, para os funcionarios que poidan estar seguindo a sesión, que as críticas que o seu grupo fará sobre este punto non teñen nada que ver co labor nin co traballo que fan eles desempeñando as súas funcións senón simplemente unha crítica á xestión que está a facer o equipo de goberno; que unha vez aclarado isto, a ela se lle presentan varias dúbidas xa que, por unha parte, hai unha RPT aprobada no mes de setembro e en tan só dous meses traese esta proposta ao pleno, preguntando por que non se recolleu nada disto nese documento; que por outra parte, os presupostos aprobáronse no mes de setembro do 2020, preguntando se o que se propón neste punto é consecuencia do traballo feito polos funcionarios por que non se recolleu nos presupostos cando foi todo o do covid, pois isto demostra que a xestión do goberno municipal vai sempre tarde, mal e a rastro, todo a golpe de ocorrencia, dando a razón o informe de Secretaría sobre que este complemento de produtividade é unha chapuza deste goberno pois nomea sentenzas de varios tribunais superiores de xustiza que indican que este acordo expreso mediante o cal se establece a fixación de determinados obxectivos acadados por cada posto de traballo ten que ter un carácter previo; que ao analizar a proposta vese que no punto de factores e valoración non queda claro o cumprimento dos grados, dicindo o mesmo nos tres casos, non sabendo como se vai medir ese grao de cumprimento con obxectividade, indicando tamén a interventora que faltaría a posterior motivación en cada caso; que o equipo de goberno di que na partida de persoal hai crédito dispoñible para este complemento de 250.000 euros pero o informe da interventora di que nas partidas de persoal existe saldo dispoñible pero sen unha concreción de importes e partidas a aplicar polo que é imposible determinar a existencia ou non de crédito, preguntando se ao final non hai diñeiro suficiente que é o que se vai deixar sen executar.

Código do documento	Código do expediente
USG14I02YT	USG/2020/199
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4J1N 4P4Q 5N6N 4G1G 0NJW	

Continúa a súa intervención a Sra. García Gorostizu e di que o seu grupo non sabe tampouco por que non hai un informe do servizo de Persoal respecto de cal é a masa retributiva global, excluídas as retribucións básicas, axuda familiar e complemento de destino, solicitado pola sra. Interventora no seu informe; que aínda parecéndolles unha chapuza a forma en que se fixo, no caso de existir crédito adecuado e suficiente e distribuírse conforme a criterios obxectivos e motivados e cumprirse o límite máximo o seu grupo non tería problema en aprobar a proposta, pero mentres non deixan outra opción que a abstención; que uns puntos máis adiante o seu grupo presenta unha moción sobre axudas a pemes e autónomos que pensa que é a terceira ou a cuarta que presentan desde o seu grupo municipal engadindo que o seu grupo non ve mal que se gratifique dalgunha forma a alguén que fixera un traballo extraordinario nunha situación extraordinaria pero pensa que tamén é fundamental que non só os funcionarios, senón o esforzo que está a realizar toda a sociedade, as pemes e os autónomos de Culleredo teñan esa axuda directa do Concello tal como se fai noutros concellos, agardando que o equipo de goberno apoie a moción que uns puntos despois presenta o seu grupo referida a axudas a estes colectivos que se viron tamén moi machacados polo covid.

A continuación fai uso da palabra o Sr. Alcalde-presidente e di que a proposta chega en tempo e forma e que o seu grupo ten que saber o crédito que existe a final de ano para saber se se pode facer ou non a proposta referida, estando o informe da interventora precisamente motivado niso pois o supedita a que se cumpran uns determinados parámetros como son en primeiro lugar que exista saldo suficiente e en segundo lugar que non se supere a cantidade do 30% da masa salarial, requisitos que si se cumpren pois do contrario a día da sesión habería que retirar a dita proposta.

Segue a súa intervención o Sr. Alcalde-presidente e di que ao día seguinte da sesión aumentarase a partida para o PEL para que todos os autónomos que fixeron unha solicitude poidan cobrar a súa axuda.

C.I.F. P-1503100-H

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da señora concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Persoal, de data 18 de decembro de 2020, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (10), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Méndez Sánchez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández e Seijas González.

Votos en contra: cinco (5) dos/as Sres./as: Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Mourelle Botana, Ferreiro Varela e Marzoa García.

Abstencións: dúas (2), dos/as Sres./as: García Gorostizu e Prieto García.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta de data 18 de decembro de 2020 polo que devén en acordo nos termos transcritos.

4.- PROPOSTA SOBRE APROBACIÓN DO CONTIDO DO CONVENIO ENTRE A XUNTA E A FEGAMP PARA ARTICULAR A ENCOMENDA DE XESTIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS AUXILIARES E DE COLABORACIÓN MATERIAL NA TRAMITACIÓN DOS PROCEDIMENTOS SANCIONADORES COMPETENCIA DOS CONCELLOS DE GALICIA, EN RELACIÓN CO INCUMPRIMENTO DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN APROBADAS PARA A LOITA CONTRA O COVID 19 E ADHESIÓN AO DITO CONVENIO.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada de Seguridade Cidadá e persoal de data 17 de decembro de 2020, que literalmente di:

Código do documento	Código do expediente
USG14I02YT	USG/2020/199
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4J1N 4P4Q 5N6N 4G1G 0NJW	

"No contexto actual de crise sanitaria causada pola COVID-19 o papel das administracións públicas para vixiar, inspeccionar e controlar o cumprimento das medidas extraordinarias de restrición da mobilidade, do contacto social ou do exercicio de certas actividades, entre outras, é fundamental para a prevención e contención desta pandemia.

Neste Concello, o exercizo destas competencias e en concreto a tramitación das sancións polos incumprimentos das medidas de prevención aprobadas para a loita contra a COVID- 19 está a provocar unha carga de traballo nos servizo afectados, e unha acumulación de denuncias cuxa tramitación se ve retrasada pola falta de persoal.

Ademais deste retraso, podería chegar a producir tamén unha sensación de impunidade nos presuntos incumpridores e, ao tempo, a lóxica frustración dos responsables da vixilancia do cumprimento da normativa, que corresponde ás forzas e corpos de seguridade e, nomeadamente, á policía local a través do levantamento das correspondentes denuncias.

Neste contexto, no reforzamento da colaboración coas entidades locais, a Xunta de Galicia e a FEGAMP subscribiron o "CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA ARTICULAR A ENCOMENDA DE XESTIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS AUXILIARES E DE COLABORACIÓN MATERIAL NA TRAMITACIÓN DOS PROCEDEMENTOS SANCIONADORES COMPETENCIA DOS CONCELLOS DE GALICIA, EN RELACIÓN CO INCUMPRIMENTO DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN APROBADAS PARA A LOITA CONTRA O COVID- 19" (documento UGT14E00CA).

C.I.F. P-1503100-H

Vista a memoria xustificativa emitida polo Xefe do Gabinete Técnico onde se analiza a necesidade e oportunidade de formalizar o Convenio de colaboración, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, así como o cumprimento do previsto na Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público (documento UGT14I00CL).

Visto o informe emitido pola Interventora municipal con data 16/12/2020 (documento UIT14I00WU).

PROPONSE AO PLENO MUNICIPAL:

APROBAR o contido do "CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA ARTICULAR A ENCOMENDA DE XESTIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS AUXILIARES E DE COLABORACIÓN MATERIAL NA TRAMITACIÓN DOS PROCEDEMENTOS SANCIONADORES COMPETENCIA DOS CONCELLOS DE GALICIA, EN RELACIÓN CO INCUMPRIMENTO DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN APROBADAS PARA A LOITA CONTRA O COVID- 19" (documento UGT14E00CA), e adherirse ao mesmo."

Consta no expediente informe de Secretaría de data 7 de decembro de 2020 (código de documento USG14I02QK).

Consta no expediente informe de Intervención de data 16 de decembro de 2020 (código de documento UIT14I00WU).

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Persoal, Sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, di que considera que a documentación aportada é suficientemente ampla e que a proposta que presenta o seu grupo é que o Concello de Culleredo se adhira ao convenio asinado

Código do documento	Código do expediente
USG14I02YT	USG/2020/199
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4J1N 4P4Q 5N6N 4G1G 0NJW	

entre Xunta e Fegamp para poder xestionar as numerosas sancións sanitarias motivadas polo covid, unha petición realizada por numerosos concellos que se materializa neste convenio; que por falta de recursos humanos e técnicos as policía locais dos concellos medianos e pequenos teñen dificultades para xestionar este tipo de sancións sanitarias motivo polo que o seu grupo pide o voto favorable para a adhesión ao antedito convenio.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que ao seu grupo lle parece ben que se non se pode se pida axuda, que lles parece perfecto porque efectivamente desde o BNG pensan que a maior parte da poboación é moi estrita no cumprimento das normas e de feito el ve a case todo o mundo polas rúas con mascariña pero que é a case todo o mundo polo que o procedemento sancionador forma parte dun proceso necesario para aquelas condutas que non se axustan ao que se debería agardar e que ata aí ningún problema pero el pode dicir que se se xiran sancións teñen que tramitarse porque veciños de Anxo Senra dinlle día si e día tamén a situación que ven nunha cafetería que hai alí, onde hai unhas pelexas tremendas que fan temer como lle dixo unha veciña uns días atrás que calquera día haxa unha morte, engadindo que as pelexas nin son con mascariña nin con guantes de látex, situación que se ten comentado xa noutras ocasións e o seu grupo ten revisado nas resolucións da alcaldía que so se meteron dúas sancións a esa cafetería por irse máis alá do horario fixado para a terraza, non explicándose os veciños que iso poida ser así, polo que solicita que esta cuestión se tome en serio pois o procedemento sancionador forma parte da loita contra a covid e estase a ver como a taxa baixou moitísimo e agora está repuntando de novo coincidindo casualmente co periodo de incubación procedente da ponte da Constitución, anunciando que o voto do seu grupo será a favor.

A continuación fai uso da palabra o Sr. Alcalde-presidente e di que efectivamente son feitos lamentables e illados e na pelexa que vén de describir o Sr. Chouciño Garrido interviron as forzas da orde pública que son as que teñen que instruír as dilixencias oportunas para tratar de dirimir que tipo de delito se puido cometer alí de ser o caso, engadindo que ao seu grupo lle tranquiliza a inmediatez coa que tanto a Garda Civil como a Policía Local disolveron esa pelexa; que polo que respecta ás conversas que manteñen os concellos coa propia Consellería esta destaca o labor que están a facer os concellos, non só Culleredo senón tamén outros concellos da área metropolitana para facer ese esforzo e tratar de paliar os efectos desta pandemia; que el o fai o mellor que sabe e considera que calquera concelleiro ou concelleira se estivera no seu sitio o faría igual ou mellor ca el pero os feitos e as deferencias e as palabras que se refiren concretamente a Culleredo dos concellos que están na améndoa do peche perimetral que comparte este Concello son moi positivos e valorados, dándose o caso uns días atrás de que houbo aglomeración nun local de hostelería e actuouse con dilixencia pois a propia consellería advertiu da situación que se estaba a producir e a Policía Local actuou coa celeridade necesaria; que agradece toda a aportación que poida haber e que coincide en que todos estes feitos son lamentables.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Persoal, de data 17 de decembro de 2020, resultando aprobada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta de data 17 de decembro de 2020 polo que devén en acordo nos termos transcritos.

5.- PROPOSTA SOBRE ADHESIÓN AO PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA FOMENTAR A IMPLANTACIÓN E FIXACIÓN DE EMPRESAS EN GALICIA MEDIANTE A CREACIÓN DA INICIATIVA “CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA”.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta do concelleiro delegado de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo, de data catorce de decembro de dous mil vinte, ditaminada favorablemente pola comisión

Código do documento	Código do expediente
USG14I02YT	USG/2020/199
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4J1N 4P4Q 5N6N 4G1G 0NJW	

informativa de Política Social, Promoción do Deporte, Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo na sesión extraordinaria de data vinte e tres de decembro de dous mil vinte, que literalmente di:

"PROPOSTA DE ADHESIÓN AO PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA FOMENTAR A IMPLANTACIÓN E FIXACIÓN DE EMPRESAS EN GALICIA MEDIANTE A CREACIÓN DA INICIATIVA "CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA"

Considerando as facultades conferidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; o R.D.L. 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; o R.D. 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, Juan Carlos Iglesias Lovelle, concelleiro de Dinamización local, Cultura, Festas e Turismo presenta, da conta e somete a ditamen da Comisión Informativa a seguinte proposta para acordo plenario.

"PROPOSTA DE ADHESIÓN AO PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA FOMENTAR A IMPLANTACIÓN E FIXACIÓN DE EMPRESAS EN GALICIA MEDIANTE A CREACIÓN DA INICIATIVA "CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA"

Considerando que o 10 de outubro de 2017 asinouse o Protocolo Xeral de Actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios de Provincias para Fomentar a Implantación e Fixación de Empresas en Galicia Mediante a Creación da Iniciativa "Concellos Doing Business Galicia".

C.I.F. P-1503100-H

Considerando que o 13 de decembro de 2017 foi aprobada a addenda ao Protocolo referido, que modificaba a cláusula segunda do protocolo nos seus apartados 4 e 5, deixando estes de ter un carácter preceptivo dentro do contexto do propio protocolo.

Considerando que a Xunta de Galicia cualifica a iniciativa "Concellos Doing Business Galicia" como unha medida dirixida a incentivar a implantación e fixación de empresas no territorio de Galicia a través de bonificacións nos impostos municipais, e que a adhesión a este protocolo condiciona o acceso ás subvencións de concorrencia competitiva xestionadas pola Xunta para impulsar o emprego, o emprendemento, o comercio local ou proxectos relacionados coa industria 4.0, incluíndo un criterio específico no baremo de concesión das mesmas de polo menos o 20% do total.

Considerando que a adhesión ao dito protocolo establece as seguintes medidas preceptivas a adoptar polos concellos, trala incorporación da addenda de decembro de 2017:

- Aprobación da modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto de bens inmobles, para que estableza unha bonificación potestativa de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias de fomento do emprego, unicamente nos supostos dunha nova actividade económica ou empresarial, así como, a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións, sempre e cando implique creación de emprego.
- Aprobación da modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto de actividades económicas, para que estableza unha bonificación potestativa de ata o 95% da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias de fomento do emprego, unicamente nos supostos dunha nova actividade económica ou empresarial, así como, a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións, sempre e cando implique creación de emprego.

Código do documento	Código do expediente
USG14I02YT	USG/2020/199
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4J1N 4P4Q 5N6N 4G1G 0NJW	

- Aprobación da modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, para que estableza unha bonificación potestativa de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmobles urbanos nos que se desenvolven actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias de fomento do emprego, unicamente nos supostos dunha nova actividade económica ou empresarial, así como, a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións, sempre e cando implique creación de emprego.
- Compromiso de resolución das solicitudes de licenza de obra maior nas que o petionario sexa unha empresa ou autónomo para a construción dunha edificación destinada á primeira implantación dunha actividade, nun prazo máximo de 30 días naturais, dende que o concello dispón da documentación completa e de todos os informes sectoriais preceptivos.
- Para os concellos que dispoñen de solo empresarial, fixación de prezos competitivos das parcelas, establecendo bonificacións sobre os mesmos.

As referidas bonificacións do IBI, IAE e ICIO estableceranse en función de parámetros de creación de emprego, sendo como segue:

1. Ata o 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.
2. Cando menos o 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
3. Cando menos o 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

Así mesmo, estas bonificacións deberán manterse, cando menos, tres exercicios orzamentarios.

Visto o informe proposta da Xefa de servizo de dinamización, formación e emprego de data 26/11/2020, (Código de documento nº UPE14I0053), e en virtude do exposto, e de conformidade co previsto no artigo 133 e Disposición adicional primeira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo comúndas Administracións Públicas, e artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.-Manifestar o interese do Concello de Culleredo de adherirse ao Protocolo Xeral de Actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios de Provincias para Fomentar a Implantación e Fixación de Empresas en Galicia Mediante a Creación da Iniciativa "Concellos Doing Business"

Segundo.-Notificar o dito acordo á Xunta de Galicia e á FEGAMP."

Consta no expediente informe de Secretaría de data 28 de agosto de 2020 (código de documento USG14I01FG).

Consta no expediente informe de Intervención de data 8 de xullo de 2020 (código de documento UIT14I00FW).

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a voceira do grupo político PsdeG-PSOE, Sra. Pombo Carril quen, unha vez concedido, procede á lectura da proposta presentada.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que esta proposta inclúe baixar tributos municipais a empresas que creen emprego, que a priori é algo moi positivo, pero que hai que analizar para saber con certeza se supón algo positivo ou non; que esta proposta de actuación entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa doing business Galicia pareceles desafortunado no título e ata un pouco horterera porque non entende por que hai que recurrir ao inglés para dicir que se fai unha iniciativa de fomento de empresas, parecendo que así vai ter máis eficacia e, por outro lado, desafortunado porque a tradución literal de concellos

Código do documento	Código do expediente
USG14I02YT	USG/2020/199
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4J1N 4P4Q 5N6N 4G1G 0NJW	

C.I.F. P-1503100-H

business Galicia é concellos facendo negocios en Galicia, considerando que non é moi apropiado salvo que a alguén o traicionara o subsciente; que esta proposta que inclúe a rebaixa de impostos a empresas que creen emprego vén tarde, mal e a rastro porque este convenio entre a Fegamp e a Xunta de Galicia é do ano 2017 e vén o 29 de decembro de 2020 e a maiores, se se miran todos os informes a proposta do servizo é do mes de abril, o da interventora do 8 de xullo, a nota informativa de Secretaría de agosto, e vén ao pleno o 29 de decembro, implicando modificación de ordenanzas fiscais, do IBI, do ICIO e do IAE, é dicir, da contribución, do imposto de construcións, instalacións e obras e do imposto de actividades económicas; que deses tres, o IBI e o IAE devengan o 1 de xaneiro, non sendo así ó ICIO que devenga cando se fai a obra; que a tramitación de ordenanzas fiscais ten un periodo de tramitación e o equipo de goberno o sabe porque á sesión do mes anterior levou a modificación dunha ordenanza fiscal das terrazas, que se tramitou en tempo, e o BNG levou tamén a unha sesión anterior unha proposta de bonificación da taxa da auga que tamén implicaba a modificación dunha ordenanza fiscal e se fixo en tempo, polo que agora isto debería coñecerse xa e saber que o que neste punto se propón chega tarde para dous dos tres impostos que recolle polo que non vai ter eficacia para o ano 2021, chegando tarde, mal e a rastro porque tendo xa feito todo o traballo dos funcionarios desde hai meses é inexplicable que chegue ao pleno o 29 de decembro polo que o equipo de goberno debería explicar que sucede; que mirando a ver se se pode saber a quen pode beneficiar isto que se propón resulta que o ICIO é o único dos tres impostos que non devenga o 1 de xaneiro senón que devenga cando se fan as obras; que a interventora fai unha previsión da repercusión que poden ter estas reformas de impostos no exercicio no que se aplicaría en función dos exercicios precedentes: 2019 e 2018 pero hai algo que non se ten en conta seguramente porque non se apreciou e é que está en exposición pública Industrias Caamaño, a industria do aluminio que se atopa á carón do outlet, e está na última fase dun plan sectorial na que indica que construíría instalacións por valor de case dez millóns de euros que así a bote pronto devengarían un ICIO superior a 200.000 euros, preguntándose se vai ter algo que ver e puidera ser que se fixera política fiscal a medida duns poucos grandes e non a nivel do pequeno empresario porque casualmente a propia proposta aplica tipos de redución progresivos en función do crecemento, é dicir, que se unha cafetería ou unha zapatería fai unha reforma de 1.000 euros, non vai ter a mesma porcentaxe de bonificación, polo que as melloras que se recollen nesta proposta no caso de que se aproben, serían maiores para unha empresa grande, que supostamente crecería máis medindo en termos de emprego; que este convenio foi asinado entre unha Xunta do PP, que monta tanto, cun presidente da FEGAMP do PSOE, que tanto monta, no que parece que a única variable que se usa é a política fiscal para crear emprego; que, volvendo ao tema do ICIO hai que lembrar que o criterio de aplicación do ICIO, informado o mes pasado pola tesoureira e o xefe de economía con obxecto do voto particular que emitiu o BNG á conta xeral, na que daban a razón, razón que se ten quitado desde o grupo de goberno nalguna ocasión, en tanto que cabe repercutir o ICIO ás obras que non teñen licenza polo que el pensa que o que procedería canto antes sería iniciar a tramitación do ICIO a aquelas obras que sen ter licenza tense coñecemento delas, podéndose mencionar varios exemplos, en particular a empresa da que vén de falar antes, na tramitación do proxecto sectorial de ampliación dunha implantación industrial os terreos do grupo Caamaño figuran no vial de acceso ao núcleo que serve de límite como solo non urbanizable; que el non sabe se se xirou igualmente o ICIO, se se autoliquidou, pero o que si corresponde é iniciar a tramitación a todos aqueles aos que lles correspondan os impostos e que por fora, por mal e por a rastro o grupo BNG vaise abster neste punto porque non vai estar a tempo para que se lle apliquen os descontos nin ao IBI nin ao IAE no 2021.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que desde o seu grupo municipal están contentos de que por fin o Concello de Culleredo se decidira a incluírse no doing business e poder favorecer ás empresas que se instalen no Concello e que se tomen medidas para iso; que é unha medida que o seu grupo solicitou xa no ano 2019 cando o Concello quedou fora duns cursos para desempregados que se perderon porque Culleredo non chegaba aos puntos necesarios e lle foron outorgados a outros concellos .

Código do documento	Código do expediente
USG14I02YT	USG/2020/199
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4J1N 4P4Q 5N6N 4G1G 0NJW	

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo, de data 14 de decembro de 2020, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Méndez Sánchez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández, Seijas González, García Gorostizu e Prieto García.

Votos en contra: ningún

Abstencións: cinco (5) dos/as Sres./as: Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Mourelle Botana, Ferreiro Varela e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta de data 14 de decembro de 2020 polo que devén en acordo nos termos transcritos.

6.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO BNG RELATIVA A INVESTIGACIÓN DE ANOMALÍAS DO SERVIZO DE GESTAGUA.

C.I.F. P-1503100-H

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político do BNG, de data vinte e tres de decembro de dous mil vinte, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

“O Grupo Municipal do BNG achega, para o seu debate plenario e aprobación, se proceder, a seguinte proposta de moción para investigar as anomalías do servizo de GESTAGUA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

.Esta semana volvemos ter queixas en toda a zona urbana de Culleredo pola suciedade da auga.

.No Pleno de novembro de 2019. Hai máis dun ano. Aprobouse iniciar e impulsar o procedemento de contratación da Xestión da Auga potable. Nada se fixo desde aquela.

.A maiores tivemos noticias, que todos xa veriamos sobre que os contadores están contando por enriba do consumo real. Xa son demasiadas cuestións nas que o Goberno Municipal está dando unha imaxe de protexer unha empresa que non ten contrato, que incumpe as obrigas de proporcionar un servizo de calidade, e que por enriba se permite tomar o pelo aos que reclaman dicíndolles que leven eles os contadores a Industria, que adianten o custo e que se arrisquen ao resultado, suxerindo que eses cartos irían mellor empregados “nunhas cañas”.

Todas estas condutas deben ser motivo de inspección e se procede sanción a unha empresa que nin contrato ten.

Non pode ser que, o día que se licite a xestión da auga potable, se é que algún día se fai, esta empresa poida presentarse cun expediente inmaculado que non lle penalice a obtención dun novo contrato de xestión.

Código do documento	Código do expediente
USG14I02YT	USG/2020/199
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4J1N 4P4Q 5N6N 4G1G 0NJW	

É por todo o anteriormente exposto que propoñemos ao pleno da corporación, no exercicio das súas competencias, a seguinte proposta de ACORDO:

1. Que se abra expediente de investigación das condicións de anomalía do servizo.
2. Que se abra tamén expediente de investigación sobre as anomalías dos contadores da auga.
3. Que das anteriores se establezan as sancións correspondentes.
4. Que nos próximos pregos de licitación, se establezan penalizacións para as empresas sancionadas polos conceptos anteriores.”

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que o seu grupo vai votar a favor da moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego pois están de acordo con que se abra unha investigación sobre as anomalías do servizo e as anomalías detectadas nos contadores de auga, solicitando que se revisen todos os contadores de auga do Concello sen custo ningún para os veciños e que este mesmo criterio sexa aplicado a todas as empresas que na actualidade están a prestar os seus servizos no Concello de Culleredo, aproveitando para solicitarlle ao Sr. Alcalde que saque canto antes a concurso os contratos.

C.I.F. P-1503100-H

De seguido fai uso da palabra o Sr. Alcalde-presidente e di que no tema dos contadores foron única a exclusivamente dous os veciños de todo o Concello que viron que posiblemente existía un sobreconsumo no seu contador, que desmontaron o contador e cunha xerra de auga fixeron a proba para ver se se calculaba ben ou non a porcentaxe de auga que pasaba por eles; que se trata duns contadores sofisticados e para facer ese tipo de controis hai que acudir a unha empresa homologada e a través da propia administración autonómica, non sendo posible facer a revisión de todos os contadores do Concello porque todos os contadores que se instalan no Concello pasan todos os controis de calidade; que se cobra unha taxa porque hai a completa seguridade de que os contadores están homologados e loxicamente se algún deles puidera estar defectuoso por riba dos parámetros da propia normativa a esa persoa se lle devolvería a taxa e a parte proporcional dos últimos catro, cinco ou seis meses desde que se detecta esa anomalía; que non se está a falar dunha situación similar á que se está a vivir co covid porque isto non é unha pandemia dos contadores senón que son casos puntuais e toda a Corporación debe facer un xesto de responsabilidade porque os contadores que hai en Culleredo son os mesmos que hai na Coruña ou en Oleiros, Cambre e outras zonas; que o equipo de goberno xa fixo as consultas referidas porque tamén lle preocupan estes casos e sobre a conversa do persoal co cidadán di que el non estivo na conversa e polo tanto non pode vulgar, engadindo que as palabras deben interpretarse sempre dentro do contexto dunha conversa; que o histórico do Concello e o histórico que puidera haber desta empresa concesionaria de auga é público e non se adulteran os datos das estatísticas que hai.

Segue a súa intervención o Sr. Alcalde-presidente e di que o goberno municipal está farto de que os depósitos de Almeiras, que están rematados desde hai tempo, non se enchan dunha vez porque EMALCSA, que é a compañía municipal de augas da Coruña, está tirando dun depósito ridículo que hai na propia parroquia de Almeiras fronte ao que construíron que é unha bañeira e co que están servindo auga non só a Culleredo senón tamén a Cambre e a Oleiros; que os mesmos episodios que houbo en Culleredo hóboos en Cambre e en Oleiros e xa mantiveron esa conversa con EMALCSA para que dunha vez por todas encha ese depósito e non haxa eses problemas, engadindo que tamén ten que dicir que un dos episodios de turbidez que houbo foi motivado por un incendio que houbo hai unhas semanas en Culleredo, na Hermida, ás tres da mañán, polo que tiveron que acudir os bombeiros a un hidrante, o que provoca uns cambios de presión moi importantes e provocou unha alteración que deu lugar a un dos episodios de turbidez que se produciron; que hai comunidades de propietarios e iso é o que lle hai que dicir á

Código do documento	Código do expediente
USG14I02YT	USG/2020/199
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4J1N 4P4Q 5N6N 4G1G 0NJW	

ciudadanía e a partir de aí o Concello enviará información a todos os cidadáns para que coñezan a realidade do que sucede, debendo facerse unha labor didáctica; que o goberno municipal vai apoiar a moción do BNG, solicitando unha emenda no punto número 4 porque entende que un expediente de investigación é preguntar que é o que está a pasar para que a empresa conte o que sucede e poder entendela cada un dos voceiros e cada un dos concelleiros e concelleiras da Corporación, podendo despois cada un sacar as súas propias conclusións; que o equipo de goberno está tamén moi preocupado por esta situación e que nun 99 ou nun 95% dos casos non é provocada polo Concello de Culleredo, habendo outra casuística que tamén lla habería que trasladar ás comunidades de propietarios que son as baterías de contadores que levan moitos anos instaladas e sobre o que se se teñen feito probas que se xuntarán aos informes que se piden que demostran que a auga chega limpa ata a batería de contadores e a partir de aí comezan os problemas e cando as comunidades de propietarios acceden a cambiar as baterías de contadores os problemas de turbidez diminúen nun grado porcentual moi elevado, motivo polo que debe facerse esa labor didáctica porque moitas veces o problema está na vivenda, ocorrido isto non só en Culleredo senón en toda a comarca e en todos os sitios onde hai un servizo de auga potable.

Segue a súa intervención o Sr alcalde-presidente e lle pide ao BNG que lle permita engadir no punto número 4 da moción que nos próximos pregos de licitacións se estude a posibilidade de establecer penalizacións para estes casos, e no punto número 3 se engada que nas anteriores se establezan as sancións correspondentes de ser procedente porque puidera ser que a empresa concesionaria tivera culpa ou que se lle estivera botando a culpa a quen non a ten, emitíndose por parte de Gestagua informes moi clarificadores e que non le él soamente senón tamén por xente que pode dar unha visión independente e que llos pasará a toda a Corporación para que os lea, pedindo a maiores todos os informes que se consideren oportunos e se deberá facer unha labor didáctica porque se está xerando no Concello unha situación que pode facer crer ás persoas desinformadas que a auga está contaminada polo que solicita se coida a linguaxe que se emprega sobre esta cuestión porque ás veces hai comentarios que parece que existira un problema de saúde pública no Concello cando non é así; que el xa lle dixo a EMALCSA que o Concello de Culleredo está farto coas situacións de turbidez que hai porque non son achacables a Culleredo senón a EMALCSA que ten que encher dunha vez o depósito de cabeceira da parroquia de Almeiras que é o que vai rematar con tantos episodios de turbidez porque neste momento se está servindo de auga a Culleredo, a Cambre e a Oleiros cunha bañeira, un depósito dun tamaño inferior á metade do salón de plenos no que se atopa; que vai solicitar unha reunión e que na próxima comisión informativa se podería convidar aos técnicos para que dean unha explicación obxectiva acerca deste tema, engadindo que estaría encantado de apoiar a moción presentada polo BNG se lle admite as emendas que comentou.

A continuación solicita novamente o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o seu grupo acepta as emendas propostas polo Sr. Alcalde porque se trata dunhas emendas de maior prudencia aínda que aclara que na exposición de motivos xa se recolle que as condutas deben ser motivo de inspección e, se procede, de sanción, entendendo que non obstante non está de máis incluílo nos acordos; que respecto do que vén de dicir o Sr. Alcalde, o Sr. Chouciño di que ao BNG chegaron comentarios respecto de que os contadores deben cambiarse de oficio cada cinco anos, non sabendo se isto é certo ou non, e poderían poñerse a averigualo pero consideran que non procede porque o que procede é que se faga a nivel institucional; que o Sr. Alcalde dixo que había que facer un xesto de responsabilidade e el cre que o mellor xesto de responsabilidade é que o Concello teña unha empresa que teña un contrato vixente e que ese contrato sexa público e coñecido porque el cre que non se equivoca se di que ningún dos que están na sesión coñece as normas que rexen o subministro de auga potable en Culleredo cunha facturación anual de un millón douscentos mil euros, ou que el polo menos non as coñece, invitando a que se alguén dos presentes as coñece que levante a man porque pertencerían a unha prórroga completamente irregular dun contrato que se fixo hai vinte e nove anos, non sabendo se alguén ten acceso a el porque na páxina web non está polo que pensa que o primeiro paso de responsabilidade é que haxa unha empresa que teña un contrato vixente, iso no caso de que a Corporación opte por unha xestión indirecta, sabendo xa que é moi difícil que se opte pola xestión directa; que sabe que houbo un acordo de hai un ano para impulsar dito contrato e que houbo un problemíña cos pregos de condicións pero que é resoluble, considerando

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG14I02YT	USG/2020/199
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4J1N 4P4Q 5N6N 4G1G 0NJW	

que o Sr. Alcalde na súa intervención obviou explicar cando se vai iniciar a licitación porque o Sr. Alcalde dixo moitas cousas pero non o fundamental como é a data de inicio do procedemento de licitación; que o Sr. Alcalde dixo que Emalcsa está tendo un subministro deficiente polo que Gestagua deberíalle dicir que non lle vai pagar un produto deficiente como se fora un produto de calidade; que non entende a relación que puido ter o incendio co problema da auga porque para apagar un incendio dunha pequena vivenda o tirón da auga tampouco lle parece unha barbaridade pero di que esta explicación súmase á cadea de explicacións que se dan ás veces que pouco se entenden.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que do que está a falar, non só desde o BNG senón tamén desde outros grupos e tamén desde a propia veciñanza, é que dalgunha forma hai que conseguir que o servizo sexa de calidade e que o Sr. Alcalde dixo que hai veces que non se utiliza a linguaxe correcta e que parece que se estea a dicir que a auga está contaminada, aclarando que o BNG nunca dixo iso senón que o que dixo é que é un produto de calidade deficiente e que a auga de calidade é un produto de primeira necesidade e se nón que llo pregunten á xente que tivo que facer os biberóns con auga mineral; que desde o BNG trouxeron hai uns meses unha proposta de redución do custo en función de que o produto non teña as calidades que ten que ter e foi rechazada polo equipo de goberno, rematando a súa intervención dicindo que quedan aceptadas as emendas propostas polo equipo de goberno.

A continuación fai uso da palabra o Sr. Alcalde-presidente e agradece a aceptación das emendas presentadas e indica que trasladará a todos as conclusións que salgan dos informes que van solicitar sobre esta cuestión, engadindo que en canto se incorpore persoal técnico á área de Medio Ambiente se axilizará o tema dos pregos, habendo unha modificación puntual respecto dos anteriores con algunha addenda referida á necesidade de cambiar todos os contadores do Concello a telemáticos que serán obrigas da futura empresa que consiga o contrato e facer catro obras imprescindibles para o Concello e que van como canon nese prego.

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do BNG, coas emendas propostas polo grupo político PsdeG-PSOE, resultando aprobada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a moción do BNG de data 23 de decembro de 2020, coas emendas propostas polo Sr. alcalde, polo que devén en acordo quedando a parte dispositiva redactada nos seguintes termos:

- “1. Que se abra expediente de investigación das condicións de anomalía do servizo.
2. Que se abra tamén expediente de investigación sobre as anomalías dos contadores da auga.
3. Que das anteriores se establezan as sancións correspondentes de ser procedente.
4. Que nos próximos pregos de licitación se estude a posibilidade de establecer penalizacións para as empresas sancionadas polos conceptos anteriores.”

7.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO BNG RELATIVA A SOLICITUDE DE CONVOCATORIA DA COMISIÓN MIXTA DO AEROPORTO DE ALBEDRO.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político do BNG, de data vinte e tres de decembro de dous mil vinte, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Código do documento	Código do expediente
USG14I02YT	USG/2020/199
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4J1N 4P4Q 5N6N 4G1G 0NJW	

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

“O Grupo Municipal do BNG achega, para o seu debate plenario e aprobación, se proceder, a seguinte proposta de moción para pedir unha convocatoria da Comisión Mixta do aeroporto de Albedro

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

.Diante da incerteza que teñen creado a aparición de tres publicacións no último mes respecto do aeroporto de Albedro:

1. Real Decreto por el que se modifican las servidumbres aeronáuticas del aeropuerto de A Coruña.
2. Información Pública del expediente “Aeropuerto de A Coruña. Expropiación de los terrenos necesarios para la ampliación de la franja de pista”, en el término municipal de Culleredo (A Coruña).
3. Real Decreto por el que se aprueban las servidumbres acusticas, su mapa de ruido y el plan de acción, del aeropuerto de A Coruña.

.Xunto co feito de estar pendente de resposta as alegacións e posible continuación do:

Anuncio de la Dirección General de Aviación Civil, por el que se sometea información pública el Informe de Sostenibilidad Ambiental, junto conla propuesta de revisión del Plan Director del Aeropuerto de A Coruña. publicado en BOE Núm. 145 do 15 de junio de 2018.

.A Lei 5/2010 que modifica a 48/1960 sobre Navegación Aérea, establece que:

art 4.4 Para cada aeropuerto se creará una Comisión mixta que informará previa y preceptivamente el establecimiento de las servidumbres acústicas y los planes de acción asociados, velando asimismo por su cumplimiento. La Comisión mixta estará formada por un representante del Ministerio de Fomento, un representante del ente gestor correspondiente, un representante del Ministerio de Medio Ambiente, y Medio Rural y Marino, y tres representantes designados por las Comunidades Autónomas, de los cuales al menos uno deberá representar a los Ayuntamientos afectados.

La Comisión mixta tendrá una presidencia rotatoria entre sus miembros, y sus sesiones se celebrarán previa convocatoria de su Presidente, por propia iniciativa, o cuando así lo solicite cualquiera de sus miembros . Sus acuerdos se adoptarán por consenso. No obstante, cuando las discrepancias en el seno de la Comisión impidan los acuerdos unánimes, un informe recogerá el conjunto de las posiciones discrepantes.

La Comisión podrá consultar a representantes sindicales, empresariales y vecinales en relación con los asuntos que sean objeto de las sesiones que celebre.

É por todo o anteriormente exposto que propoñemos ao pleno da corporación, no exercicio das súas competencias, a seguinte proposta de ACORDO:

1. Demandar do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, para que se convoque inmediatamente a Comisión Mixta do Aeroporto de Albedro.
2. Que a esa convocatoria se invite ás asociacións das parroquias afectadas, en particular, entre outras:
 - a. O noso Burgo.

Código do documento	Código do expediente
USG14I02YT	USG/2020/199
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4J1N 4P4Q 5N6N 4G1G 0NJW	

b. Asociación de Afectados do Aeroporto. "

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político PSdeG-PSOE, Sra. Pombo Carril quen, unha vez concedido, di que como xa se trasladou na xunta de voceiros nas alegacións que se presentan desde o Concello xa vai recollida esta solicitude, esta reclamación que se facía para convocar esta comisión referida polo Sr. Chouciño Garrido, a Comisión Mixta do Aeroporto; que como ben dixo este concelleiro na súa intervención ampliou o prazo pois de terse rematado a día de onte esta xestión xa estaría feita e os técnicos aproveitan este novo prazo para facer unha maior motivación das alegacións pero no caso de terse presentado no día de onte estaría feita a solicitude polo tanto o seu grupo vai subscribir e apoiar a moción que se presenta neste punto.

De seguido fai uso da palabra o Sr. Alcalde-presidente e di que el diría máis porque cre que a asociación de veciños de Almeiras, Vilaboa e todas as zonas que estén pegadas ao aeroporto deberían estar na dita comisión mixta do Aeroporto, en caso de que accedan porque quen conforma a comisión mixta é o Ministerio e está moi taxado quen pode ou non concurrir; que hai unha serie de representantes institucionais que están contemplados e unha serie de convidados que, se entran dentro do recollido na moción, encantados de que estean na mesma, estando tamén o Concello de Oleiros, o Concello de Cambre e o Concello da Coruña.

C.I.F. P-1503100-H

Seguidamente solicita novamene o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que é certo que o viron xa nas alegacións que preparou o Concello e que xa se explicou que vai como unha proposta que se constituía a comisión mixta pero o motivo de que se presente neste punto a moción do BNG é porque no punto 4.4. di que se creará unha comisión mixta que informará previa e preceptivamente o establecemento das servidumes acústicas polo que non se está a falar de alegar e dicir que non está constituída e que pase o prazo e opine o Ministerio ou a Dirección Xeral de Aviación Civil senón que están falando de que hai que pedilo para que se constituía e se reúna antes de rematar o prazo de alegacións, non sabendo se é necesario agregalo no texto ou non pero o sentido da moción é que a reunión sexa previa á finalización do prazo para escoitar alí todas as incertezas das que falou na exposición de motivos.

A continuación o Sr. Alcalde-presidente di que queda claro o sentido da moción e que o equipo de goberno dará traslado da moción e do acordo plenario para que cando a lean vexan a intención e desde Alcaldía remitirán esa solicitude.

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do BNG resultando aprobada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a moción do BNG de data 23 de decembro de 2020 polo que devén en acordo nos termos transcritos.

8.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO POPULAR RELATIVA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS ECONÓMICAS E SOCIAIS EN DEFENSA DOS AUTÓNOMOS E DAS PEMES AFECTADOS POLAS RESTRICIÓN IMPOSTAS POLA CRISE SANITARIA DERIVADA DO COVID-19.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político popular, de data vinte e tres de decembro de dous mil vinte, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade.

Código do documento	Código do expediente
USG14I02YT	USG/2020/199
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4J1N 4P4Q 5N6N 4G1G 0NJW	

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA A ADOPCION DE MEDIDAS ECONÓMICAS E SOCIAIS EN DEFENSA DOS AUTÓNOMOS E DAS PEMES AFECTADOS POLAS RESTRICCIÓN S IMPOSTAS POLA CRISE SANITARIA DERIVADA DO COVID-19

O Grupo Municipal Popular no concello de Culleredo de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Proposta de MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise económica, derivada desta crise sanitaria e das restricións impostas para conter a pandemia, teñen un fondo impacto económico social. Por iso, o Goberno galego estivo desde o primeiro día ao carón dos sectores máis castigados apoiándoos con feitos: axudas ao ocio nocturno; incentivos para o sector do comercio, o turismo e os servizos; anticipos de nóminas de ERTES; plan de dixitalización para as pemes e autónomos; iniciativas para potenciar o consumo no comercio ou na automoción; o Plan de Reactivación do sector cultural, o Cheque Autónomo ou o Plan de rescate para manter a actividade económica de 50.000 autónomos.

Así mesmo, continuando con estas medidas de recuperación da economía e de mantemento do emprego nos sectores máis afectados pola Covid-19, o pasado 12 de novembro o Consello da Xunta aprobou destinar 10 millóns de euros a unha nova liña de préstamos para achegar liquidez aos autónomos, microempresas e pemes. Trátase de facilitar créditos de entre 3.000 e 500.000 euros a cada negocio para que poidan atender os pagamentos de salarios, alugueiros ou impostos. E no relativo ao sector da hostalería, neste mesmo de novembro porase en marcha un paquete específico de axudas -compatible coas dúas liñas do plan de rescate de autónomos, microempresas e pemes- que se está ultimando en diálogo permanente cos seus representantes.

Así e todo, todas as administracións debemos continuar afondando nesta liña de apoio a todos os sectores e colectivos máis afectados, implementando dentro do noso respectivo marco competencial, medidas que contribúan a minimizar o impacto económico e social derivado desta crise sanitaria.

En definitiva, o noso concello debe traballar, coa máxima lealdade e coordinación coas restantes administracións, sendo sensible as graves dificultades económicas que están sufrindo moitos autónomos e pemes dedicados a servizos como os do comercio ou a hostalería, entre outros, que viron reducido dun xeito importante o seu nivel de facturación. É urxente que todas as administracións, cada unha dende o seu ámbito competencial, adoptemos medidas de emerxencia para non agravar o paro e a crise económica.

Dende este concello tamén debemos achegar liquidez a estas pemes e autónomos, minorar a carga impositiva que están soportando, establecer unha moratoria no pago de determinados tributos, apoiar institucionalmente ao tecido produtivo local e axilizar ao máximo a tramitación administrativa de licenzas ou a adaptación das mesmas, así como os prazos de pago aos provedores e co obxectivo de que a recuperación económica e social se produza á maior brevidade posible.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de Culleredo, presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

1. Reservar unha partida específica nos orzamentos municipais para un Plan de reactivación económica e social para os autónomos e pemes con domicilio fiscal no noso concello que acrediten na porcentaxe que se acorde unha perda de facturación nos seus negocios desde o 13 de marzo de 2020. Estas axudas municipais serán compatibles con aquelas outras que adopten outras administracións.

28 de 32

Código do documento	Código do expediente
USG14I02YT	USG/2020/199
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4J1N 4P4Q 5N6N 4G1G 0NJW	

2. Destinar parte dos fondos que o municipio reciba do mecanismo europeo Next Generacion Europe ao apoio aos autónomos e pemes especialmente paralizados no concello desde o 13 de marzo de 2020, co obxectivo de que poidan desenvolver accións de dixitalización e eficiencia enerxética, entre outras elixibles nestes fondos, que lles permitan reactivar o seu negocio.

3. Modificar as ordenanzas fiscais reguladoras dos impostos sobre bens inmobles, actividades económicas e vehículos de tracción mecánica aproximándoas ao mínimo legal. No caso do IBI só se beneficiarían as persoas físicas ou xurídicas nas que conorra a dobre condición de titular do ben inmovible e responsable da actividade económica afectada polas restricións sanitarias.

Así mesmo, modificar as ordenanzas fiscais reguladoras das taxas polos servizos de subministración de auga, de saneamento e depuración de augas residuais, de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, ou pola utilización privativa e o aproveitamento especial de dominio público municipal establecendo unha exención total da que se beneficiarán aqueles autónomos e pemes con domicilio fiscal no noso concello que acrediten unha baixada nos seus ingresos ou unha perda de facturación nos seus negocios desde o 13 de marzo de 2020.

Así mesmo, tamén se posibilitará nestas mesmas ordenanzas a concesión extraordinaria de solicitudes de aprazamento ou fraccionamento de pago de prezos públicos, taxas locais e impostos municipais.

4. Proceder á devolución das taxas municipais que gravaron as terrazas desde o 13 de marzo de 2020, así como das contías do Imposto sobre construción, instalación e obras (ICIO) daqueles titulares de actividades que solicitaron licenza no 2020 e que non puideron abrir como consecuencia da pandemia.

5. Axilizar o pago das facturas pendentes, así como reducir os tempos medios de pago a provedores, especialmente a autónomos ou pemes.”

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que o seu grupo sempre vai estar a carón e defendendo os intereses de todos os traballadores e traballadoras, autónomos e pemes desta sociedade e máis concretamente do Concello de Culleredo e que van votar a favor da moción que se presenta pero consideran que hai que deixar de dar voltas e poñerse a traballar definitivamente nas axudas, axilizalas o antes posible pois como se siga dando voltas cando se chegue a algún autónomo ou a algunha peme xa non existirá, e cando di poñerse a traballar refírese tanto ao Partido Popular como ao Partido Socialista Obreiro Español que teñen responsabilidades de goberno tanto na Autonomía como no Goberno Central e, por suposto, tamén o Sr. Alcalde e o seu equipo teñen a súa propia responsabilidade para poder axilizar desde o Concello as previstas, esa dotación proveniente da Deputación provincial da Coruña.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que na proposta que se presenta neste punto fálase de medidas fiscais e as medidas fiscais trasládanse a ordenanzas fiscais e as ordenanzas fiscais teñen que ter o seu tempo para poder tramitarse, como xa expuxeron no pleno anterior polo que a data de 29 de decembro considera que pon moi difícil dita tramitación e que como declaración de intencións non hai ningún problema e se podería aproveitar esta cuestión para preguntar como vai o Pel-Reactiva, o Plan de emprego local da Deputación en canto a solicitudes e a tramitación porque cre que o prazo de solicitudes xa rematou e considera que estaría ben comentar como van en Culleredo esas tramitacións; que neste punto da orde do día quere tamén pedirle disculpas ao Partido Popular por aproveitar este inciso para

Código do documento	Código do expediente
USG14I02YT	USG/2020/199
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4J1N 4P4Q 5N6N 4G1G 0NJW	

dicir que non vai haber turno de rogos e preguntas aínda que xa se sabe que hai moitas cousas para debatir pero o alcalde non quixo facelo e cambiou de data a celebración da sesión.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do PSdeG-PSOE, Sra. Pombo Carril quen, unha vez concedido, di que o seu grupo entende que se trata dunha moción xenérica porque trae acordos que xa se debateron e xa se aprobaron no pleno anterior como é o caso concreto da taxa de aproveitamento do dominio público aprobada para o ano 2020 e que entenden tamén que os impostos municipais non poden soste a caída da economía que se está a dar neste momento e que sería especificamente responsabilidade dos gobernos centrais e da Comunidade Autónoma xa que os impostos municipais supoñen uns ingresos cos que contan os concellos e que lles permiten prestar servizos básicos, imprescindibles e necesarios para a cidadanía que doutro xeito non podería ser posible; que a nivel municipal xa se dispón de axudas específicas para colectivos en situación de especial vulnerabilidade e pequenas empresas especialmente afectadas pola situación excepcional que se está a vivir; que no que respecta á reactivación económica o Concello de Culleredo, tal como xa indicou o Sr. Alcalde ao comezo da sesión, sumouse á iniciativa provincial do PEL-Reactiva que actualmente está en tramitación, estando en proceso de elaboración unha segunda fase por parte da Deputación provincial, o PEL-Reactiva 2, que está previsto en función de cómo vaia e de como evolucione a situación das pequenas empresas e ao que tamén se sumará o Concello de Culleredo co obxectivo de dar resposta á situación que atravesan os autónomos e as empresas do municipio e xa avanzaba o Sr. Alcalde que se suplementará a partida para dar resposta a todas as necesidades das empresas do Concello de Culleredo; que ademáis desde a área de Promoción Económica estase a traballar no apoio e dinamización da pequena empresa e que, por outra banda, comparten o manifestado pola Sra. Izaskun e cando sexa posible o seu grupo apoiará esa sensibilidade de que os fondos europeos se dirixan cara a temas de fomento e dixitalización e eficiencia enerxética; que nos termos legalmente establecidos xa se dispuxeron exencións e aprazamentos de pago así como a suspensión, como xa dixo, da taxa por aproveitamento do dominio público para o próximo ano 2021, que se poñen todos os medios posibles para reforzar o servizo de Intervención, que é o servizo encargado de aprobar as facturas para que se faga fronte ao pago das mesmas en beneficio de quen presta algún servizo no Concello de Culleredo, tal como sucede no presente ano no que se estima que a 31 de decembro estarían aboadas todas as facturas contraídas, o 100% delas; que aprobar esta moción suporía trastocar toda a planificación estipulada que ten o goberno municipal en connivencia cos técnicos, coas áreas correspondentes, polo que non poden dar o seu voto favorable a esta proposta, engadindo que no documento do presuposto que se traerá no próximo pleno quedará patente que a emerxencia social e as axudas aos colectivos máis desfavorecidos e vulnerables suporá unha das axudas máis destacadas por parte do goberno municipal de Culleredo que seguindo un criterio diferente seguramente ao que presentaría o grupo político popular, está a dar resposta segura e sostible ás necesidades que xurden nesta situación que se está a vivir.

Seguidamente solicita novamente o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que é unha gran decepción que feito o esforzo cos funcionarios que sabe que o merecen pero tamén as pemes e os autónomos de Culleredo o merecían; que non todos os autónomos que están no Concello de Culleredo son lam Rumbo ou Jardincelas que poden estar cobrando do Concello e que hai autónomos que o están pasando moi mal e Concellos que están dando axudas moi superiores ás que dá o Concello de Culleredo, poñendo como exemplo o Concello de Sada, como xa comentou nunha sesión anterior, que dotou con 800.000 euros a partida do PEL, ou Cambre, con 200.000 euros; que se viu nestes últimos anos que o Concello non foi quen de gastar todo o diñeiro que recada polo que non entende por que non se pode facer esa bonificación nos impostos e nas taxas municipais.

A continuación fai uso da palabra o Sr. Alcalde-presidente e di que todas as empresas ás veces traballando non lles chega o que gañan para paliar os efectos dunha pandemia como a que hai; que el e o seu equipo están gobernando e aínda que para a oposición non o están facendo como deberían, o certo é que o fan o mellor que poden e aprobar esta moción suporía trastocar todo o planificado polo goberno municipal pois hai uns gastos fixos e o que sobra vai a investimento e é vontade do goberno municipal que unha parte importante do presuposto, sacrificando investimento, vaia destinada a emerxencia social, incluídas as dificultades que poidan ter os empresarios e as empresarias do

Código do documento	Código do expediente
USG14I02YT	USG/2020/199
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4J1N 4P4Q 5N6N 4G1G 0NJW	

Concello; que Culleredo non ten a capacidade que poidan ter outros concellos, nin máis pequenos nin máis grandes, porque hai situacións completamente distintas; que se podería tratar de recadar máis fondos a través por exemplo dun imposto de vehículos de tracción mecánica, e non subindo o recibo senón tratando de que todos os habitantes do municipio empadroen o seu vehículo no Concello porque xa se sabe que aproximadamente cinco ou seis mil vehículos no pagan o tributo en Culleredo, que suporían 600.000 euros máis para as arcas municipais.

Solicita o uso da palabra a Sra. García Gorostizu e, unha vez concedido, di que o imposto en Culleredo é máis alto que noutros municipios.

Responde o Sr. Alcalde-presidente e di que onde vive o cidadán é onde ten que ter empadroado o seu vehículo e non serve pagar onde máis barato sexa; que a moción fala de modificar e determinar, exixindo o que hai que facer con afirmacións, podéndose aprobar se se cambiaran eses términos por “estudar a posibilidade de...” porque non se lle pode perdoar todo a todo o mundo; que hai concellos que poden prescindir de cobrar os impostos á veciñanza pero Culleredo non pode; que o equipo de goberno ten a mesma intención pero non pode aprobar esta moción coas afirmacións que contempla aínda que si se podería aprobar se inclúe en todos os parágrafos da parte dispositiva o texto “estudar a posibilidade de” a excepción do punto número 5 que pode quedar como se queira porque non hai problema.

Intervén a Sra. García Gorostizu e pide que se cambie a moción polos términos referidos polo Sr. Alcalde, pois a idea do grupo político popular é axudar a todas as pemes e a toda a xente que o está pasando mal.

A continuación a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político popular, de data 23 de decembro de 2020, coas emendas propostas, resultando aprobada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción polo que devén en acordo quedando redactada a parte dispositiva nos seguintes termos:

“1. Estudar a posibilidade de reservar unha partida específica nos orzamentos municipais para un Plan de reactivación económica e social para os autónomos e pemes con domicilio fiscal no noso concello que acrediten na porcentaxe que se acorde unha perda de facturación nos seus negocios desde o 13 de marzo de 2020. Estas axudas municipais serán compatibles con aquelas outras que adopten outras administracións.

2. Estudar a posibilidade de destinar parte dos fondos que o municipio reciba do mecanismo europeo Next Generation Europe ao apoio aos autónomos e pemes especialmente paralizados no concello desde o 13 de marzo de 2020, co obxectivo de que poidan desenvolver accións de dixitalización e eficiencia enerxética, entre outras elixibles nestes fondos, que lles permitan reactivar o seu negocio.

3. Estudar a posibilidade de modificar as ordenanzas fiscais reguladoras dos impostos sobre bens inmobles, actividades económicas e vehículos de tracción mecánica aproximándoas ao mínimo legal. No caso do IBI só se beneficiarían as persoas físicas ou xurídicas nas que conorra a dobre condición de titular do ben inmovible e responsable da actividade económica afectada polas restricións sanitarias.

Así mesmo, estudar a posibilidade de modificar as ordenanzas fiscais reguladoras das taxas polos servizos de subministración de auga, de saneamento e depuración de augas residuais, de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, ou pola utilización privativa e o aproveitamento especial de dominio público municipal establecendo unha exención total da que se beneficiarán aqueles autónomos e pemes con domicilio fiscal no noso concello que acrediten unha baixada nos seus ingresos ou unha perda de facturación nos seus negocios desde o 13 de marzo de 2020.

Así mesmo, tamén se estudará a posibilidade de establecer nestas mesmas ordenanzas a concesión extraordinaria de solicitudes de aprazamento ou fraccionamento de pago de prezos públicos, taxas locais e impostos municipais.

Código do documento	Código do expediente
USG14I02YT	USG/2020/199
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4J1N 4P4Q 5N6N 4G1G 0NJW	

4. Estudar a posibilidade de proceder á devolución das taxas municipais que gravaron as terrazas desde o 13 de marzo de 2020, así como das contías do Imposto sobre construción, instalación e obras (ICIO) daqueles titulares de actividades que solicitaron licenza no 2020 e que non puideron abrir como consecuencia da pandemia.

5. Axilizar o pago das facturas pendentes, así como reducir os tempos medios de pago a provedores, especialmente a autónomos ou pemes.”

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión sendo as once horas e trinta e catro minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe,
O Alcalde-Presidente
(asinado dixitalmente)

(asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H